

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de setembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e un de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(960).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de setembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(961).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA EN CEDRO E NAS UBAS DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 144321/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 25/08/17, asinado pola técnica de Servizos Económicos, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe de Área de Política Social, o concelleiro delegada da Área de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 4 de xullo de 2014, aprobou a adxudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia de CEDRO e UBAS (expte. 88648-301) por un prezo total de 133.584,00 euros, IVE incluído (66.792 €/ano).

No apartado J) do apartado 3 das Follas de características do contrato que xunto cos pregos de cláusulas administrativas que rexen o presente contrato, establécese que si o contrato se prorroga procedera a revisión do mesmo segundo o seguinte sistema:

- Se o incremento do PIB a prezos constantes en 2015 é superior ao 1% e inferior ao 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4% o ano 2016.
- Se o incremento do PIB a prezos constantes en 2015 alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9% o ano 2016.

Se o contrato se prorrogase se aplicará o seguinte sistema de revisión para 2017

- Se o incremento do PIB a prezos constantes en 2016 é superior ao 1% e inferior ao 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4% o ano 2017.
- Se o incremento do PIB a prezos constantes en 2016 alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9% o ano 2017.

A primeira prórroga do contrato foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2016 (Expte. 120815-301) e aplicada a revisión do prezo do contrato en expediente 129931-301.

A segunda prórroga do contrato que tamén foi solicitada polo licitador con data 25 de abril de 2016 (Doc. 170059457), foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 25 de maio de 2017 (Expdte. 139557-301), polo que procede a revisión de prezos de acordo coa fórmula antedita

Segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística que se achegan, a variación do PIB para o ano 2016 foi do 3,2 %, quedando fixado, polo tanto, o incremento a efectos do cálculo no 0,9% sobre a cantidade a actualizar (67.393,13 euros), o que supón un importe de 606,54 euros. O importe actualizado do contrato para o período 01/08/2017-31/07/2018 é de 67.999,67 euros.

Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a actualización do prezo do contrato dos servizos de seguridade e vixilancia de CEDRO e UBAS, a nome de EULEN SEGURIDAD, S.A. (NIF A28369395) en 606,54 euros, correspondente ao 0,9% do incremento do PIB 2016, que se contabilizará na aplicación nº 3112.2270100, todo isto en execución do prego de cláusulas que rexen o contrato.

O contrato para o período agosto 2017-xullo 2018 pasa a ter un importe de 67.999,67 euros anuais.

SEGUNDO: Regularizar na primeira facturación que se presente a partir da notificación do presente acordo, o importe facturado dende agosto de 2017.

TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123-124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(962).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN, FONTES E TÚNELES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40873/444.

Dáse conta da proposta asinada pola Secretaria da Mesa de Contratación en data 15/09/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) na seguinte orde descendente:

Lote nº1: Soportes e accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº2: Luminarias e os seus accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº3: Material electromecánico diverso e condutores:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos 3 lotes, DIGAMEL, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.085,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(963).- REVISIÓN DE TARIFAS POLO USO DAS PISTAS DE PÁDEL DO COMPLEXO DE BARREIRO, DERIVADO DO INCREMENTO DO IPC INTERANUAL, PERÍODO OUTUBRO 2012-ABRIL 2017. EXPTE. 16327/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29/08/17, e o informe de fiscalización do 14/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 16327/333 en relación a un erro material detectado no cadro de cálculo vinculado coa proposta de incremento ordinario de tarifas polo uso das pistas de pádel do complexo de Barreiro, e atendendo á súa corrección, procede continuar coa tramitación do expediente tal como se detalla:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de prescricións administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Piscina da Florida o pasado 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a piscina de Barreiro.

En relación ás tarifas e funcionamento das piscinas a XGL aprobou en data 29/10/2010 as normas e adecuación do cadro de tarifas para o funcionamento dos servizos a prestar nas piscinas de Barreiro e A Florida.

Cómpre indicar tamén que a Xunta de Goberno Local, aprobou definitivamente con data 23/09/2011 (previa aprobación provisional do 25/04/2011) a modificación do contrato de servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela central da praza do polígono I PERI II-12 A Florida B e na parcela do PERI 4 BARREIRO II (expte 10312-333), no relativo á ampliación da xestión do uso deportivo das oito pistas de padel existentes no proxecto contrutivo da piscina de Barreiro.

O prego de prescricións administrativas establece no seu artigo 8.2 a revisión de tarifas, en concreto, no punto 8.2.1 "Revisión ordinaria de tarifas", no que se enuncia que o adxudicatario ten dereito ao incremento das mesmas segundo as variacións experimentadas polo IPC, tomando coma inicial o correspondente á data de entrada en funcionamento, aínda de xeito parcial, das instalacións.

Con posterioridade, en data 15/03/2013, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 11966-333):

a) Autorizar a revisión das tarifas polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas na piscina cuberta ubicada na parcela do PERI 4 Barreiro II , de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual outubro 2011/outubro 2012, fixada no 3.50 %.

b) *Aprobar a nova táboa de tarifas polo uso e actividades complementarias prestadas nas pistas de padel situadas na piscina de Barreiro.*

2.- Proposta de revisión do IPC:

Vista a solicitude presentada con data 26/06/2017 pola empresa AQUA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, para a revisión de prezos derivada do uso das pistas de padel no complexo de Barreiro, e tendo en conta que o periodo de revisión establécese entre os meses de outubro de 2012 e abril de 2017, o IPC segundo o certificado do INE e de 0,8 %.

En base ao anteriormente indicado, establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. O novo cadro de tarifas, que vai a continuación, contempla unha revisión cunha media do 0,80 %.

			con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2017 s/iva 0,8%	IVE 21%	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 hora	Pistas descubiertas	07:00/17:00	10,45 €	8,64 €	8,71 €	1,83 €	10,54 €	10,55 €
		17:00/23:00	12,75 €	10,54 €	10,62 €	2,23 €	12,85 €	12,85 €
	Pistas Cubiertas	07:00/17:00	11,60 €	9,59 €	9,66 €	2,03 €	11,69 €	11,70 €
		17:00/23:00	13,90 €	11,49 €	11,58 €	2,43 €	14,01 €	14,00 €
1/2 hora	Pistas descubiertas		5,80 €	4,79 €	4,83 €	1,01 €	5,84 €	5,85 €
			6,95 €	5,74 €	5,79 €	1,22 €	7,01 €	7,00 €
Suplemento luz (ind. Tempo)			2,35 €	1,94 €	1,96 €	0,41 €	2,37 €	2,35 €
Bono 10 (1 h) S/Luz			11,30 €	91,98 €	92,72 €	19,47 €	112,19 €	112,20 €
Bono 20 (1 h) S/Luz			216,85 €	179,21 €	180,65 €	37,94 €	218,59 €	218,60 €
Bono 30 (1 h) S/Luz			316,55 €	261,61 €	263,70 €	55,38 €	319,08 €	319,10 €
Clases de Padel								
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados		46,35 €	38,31 €	38,61 €	8,11 €	46,72 €	46,70 €
	Non abonados		69,55 €	57,48 €	57,94 €	12,17 €	70,11 €	70,10 €
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados		87,00 €	71,90 €	72,48 €	15,22 €	87,70 €	87,70 €
	Non abonados		127,55 €	105,41 €	106,26 €	22,31 €	128,57 €	128,55 €
Bono 5 clases individuais			197,10 €	162,89 €	164,20 €	34,48 €	198,68 €	198,70 €
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			487,00 €	402,48 €	405,70 €	85,20 €	490,90 €	490,90 €
Alquiler Raqueta (partido)			1,75 €	1,45 €	1,46 €	0,31 €	1,77 €	1,75 €

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a revisión das tarifas polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas na piscina cuberta ubicada na parcela do PERI 4 Barreiro II , de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual outubro 2012/abril 2017, fixada no 0,80 %.

b) Aprobar a nova táboa de tarifas polo uso e actividades complementarias prestadas nas pistas de padel situadas na piscina de Barreiro:

			con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2017 s/iva 0,8%	IVE 21%	Nova tarifa con iva	Tarifa final redondeada
1 hora	Pistas descubiertas	07:00/17:00	10,45 €	8,64 €	8,71 €	1,83 €	10,54 €	10,55 €
		17:00/23:00	12,75 €	10,54 €	10,62 €	2,23 €	12,85 €	12,85 €
	Pistas Cubiertas	07:00/17:00	11,60 €	9,59 €	9,66 €	2,03 €	11,69 €	11,70 €
		17:00/23:00	13,90 €	11,49 €	11,58 €	2,43 €	14,01 €	14,00 €
1/2 hora	Pistas descubiertas		5,80 €	4,79 €	4,83 €	1,01 €	5,84 €	5,85 €

			con iva (21 %)	Tarifa actual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2017 s/iva 0,8%	IVE 21%	Nova ta- rifa con iva	Tarifa fi- nal re- dondeada
	Pistas cubiertas		6,95 €	5,74 €	5,79 €	1,22 €	7,01 €	7,00 €
Suplemento luz (ind. Tempo)			2,35 €	1,94 €	1,96 €	0,41 €	2,37 €	2,35 €
Bono 10 (1 h) S/Luz			11,30 €	91,98 €	92,72 €	19,47 €	112,19 €	112,20 €
Bono 20 (1 h) S/Luz			216,85 €	179,21 €	180,65 €	37,94 €	218,59 €	218,60 €
Bono 30 (1 h) S/Luz			316,55 €	261,61 €	263,70 €	55,38 €	319,08 €	319,10 €
Clases de Padel								
Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados		46,35 €	38,31 €	38,61 €	8,11 €	46,72 €	46,70 €
	Non abonados		69,55 €	57,48 €	57,94 €	12,17 €	70,11 €	70,10 €
Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados		87,00 €	71,90 €	72,48 €	15,22 €	87,70 €	87,70 €
	Non abonados		127,55 €	105,41 €	106,26 €	22,31 €	128,57 €	128,55 €
Bono 5 clases individuais			197,10 €	162,89 €	164,20 €	34,48 €	198,68 €	198,70 €
Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)			487,00 €	402,48 €	405,70 €	85,20 €	490,90 €	490,90 €
Aluguer Raqueta (partido)			1,75 €	1,45 €	1,46 €	0,31 €	1,77 €	1,75 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(964).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “5º TRIATLON DESAFÍO ISLAS CIES” OS DÍAS 23 E 24 DE SETEMBRO DE 2017. EXPTE. 16296/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Asociación Aguas Abiertas de Galicia, con CIF (G-27742386), solicitou o día 31-08-2017, a través do Rexistro Muicipal (Doc.170119130), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 5º - TRIATLON DESAFIO ISLAS CIES
- Data: 23 e 24 de setembro de 2017
- Horario: sábado 23 a partir das 16.30 h e domingo 24 a partir das 9.45h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar os vindeiros días, sábado 23 e domingo 24 de setembro de 2017; a proba do sábado 23 comezará ás 16.30 e rematará ás 20.00h e o domingo 24, as probas terán o seguinte horario: a proba de natación ás 8.30h, na praia do Vao, a proba de ciclismo ás 9.00h e a carreira a pé, ás 11.15h, as probas de natación terán lugar na praia do Vao e proba de ciclismo así coma a carreira a pé, se levarán a cabo nas inmediacións da praia do Vao.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade
- Tamén se comunicou o evento ao servizo de Medio Ambiente, limpeza, Transportes e Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación Aguas Abiertas de Galicia, con CIF (G-27742386), a organizar o vindeiro sábado 23 e domingo 24 de setembro de 2017, o evento deportivo denominado 5º TRIATLON DESAFIO ISLAS CIES. O sábado 23, terá lugar o acuatlon que comenará ás 16.30 e rematará ás 20.00h e o domingo 24, se levará a cabo o Triatlón que consistirá en tres probas: a proba de natación ás 8.30h, na praia do Vao, a proba de ciclismo ás 9.00h e a carreira a pé, ás 11.15h. A proba de natación terán lugar na praia do Vao e proba de ciclismo así coma a carreira a pé, se levarán a cabo nas inmediacións da praia do Vao.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(965).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DUN PIANO MARCA RÖNISCH. EXPTE.18360/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.

- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Publico aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante escritos de data 14 de outubro de 2016, D^a Purificación del Palacio Solá manifesta a súa vontade de doar ó Concello de Vigo de xeito permanente, gratuito e incondicional un piano marca Ronisch de teclado cruzado vertical, da súa propiedade e co fin de que sexa incorporado ó patrimonio cultural e artístico de cidade.

Segundo.- Pola Xefa do Servizo de Educación, co conforme da Concelleira Delegada da Area de Educación, infórmase o 7 de xuño do 2017, en relación a doazón proposta que:

Mediante Resolucións de data 16 de novembro de 2016, a concelleira delegada de Educación acordou iniciar expediente para a aceptación das doazóns propostas, así como autorizar o depósito temporal (mentras non se resolva definitivamente o expediente da doazón) doa coleccións de instrumentos nas dependencias da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Con data 03/07/17, ESMUVIGO SCG responde ao encargo realizado pola concellería de Educación, de catalogación e valoración do conxunto de instrumentos que conforman a oferta de doazón, entregando, en formato dixital e papel o "Documento de catalogación e valoración da doazón instrumental contida nos expedientes 18360/332 e 18361/332".

Visto o indicado na citada documentación, esta xefatura do servizo de Educación informa favorablemente sobre a aceptación da oferta de doazón da colección de instrumentos musicais que Dna. Purificación del Palacio Solá e D. Manoel Soto Ferreiro.

Terceiro.- Segun resulta do documento de data 1/7/2017 emitido pola empresa ESMUVIGO SCG de catalogación e valoración do instrumento musical ofertado, as características deste son as seguintes:

Clasificación: Cordófono.

Instrumento: Piano

Grupo A - Instrumentos Orquestrais

Categoría: Corda percutida.

Marca: Rönisch.

N.º Serie: 25181.

Estado de conservación: Bo estado.

Valoración: 1000-1200 euros.

Cuarto.- Pola Técnica de Admón. Especial de Patrimonio emítese informe o 11/08/2017 sobre os impostos e tributos que poideran gravar dita operación, sinalando que *ó tratarse de unha donación a unha administración Publica, que non conleva ningunha transacción económica, dita donación non está suxeita a ningún tipo de imposto.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazon recóllese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitúe un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que se formula o ofrecemento pola donante, non nos atopamos ante un suposto de doazón modal, polo que conseguintemente non existe restricción algunha a súa aceptación, poidéndose acordar polo órgano competente se así o estima de interese público.

TERCEIRO.- O artigo 4.1.p do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos, dispoñendo no seu apartado 2 que ditos contratos regularáanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeriéndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Conseguintemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación a título gratuito, libre de cargas e gravames e ó corrente no pago de impostos e demais tributos, do instrumento musical ofertado, resultando competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a doazón, por Da. D^a Purificación del Palacio Solá, do piano da súa propiedade marca Rönisch (N.º Serie: 25181).

2º.- Proceder, tralos trámites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.

3º.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, dito instrumento musical no Inventario Municipal de bens e dereitos, de acordo coa seguinte catalogación e valoración efectuada pola empresa ESMUVIGO SCG no documento de data 1/7/2017:

Clasificación: Cordófono.

Instrumento: Piano

Grupo A - Instrumentos Orquestrais
Categoría: Corda percutida.
Marca: Rönisch.
N.º Serie: 25181.
Estado de conservación: Bo estado.
Valoración: 1000-1200 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(966).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE DIVERSOS INSTRUMENTOS MUSICAIS. EXPTE. 18361/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante escritos de data 14 de outubro de 2016, D^a Purificación del Palacio Solá manifesta a súa vontade de doar ó Concello de Vigo de xeito permanente, gratuito e incondicional un piano marca Ronisch de teclado cruzado vertical, da súa propiedade e co fin de que sexa incorporado ó patrimonio cultural e artístico de cidade.

Segundo.- Pola Xefa do Servizo de Educación, co conforme da Concelleira Delegada da Área de Educación, infórmase o 7 de xuño do 2017, en relación a doazón proposta que:

Mediante Resolucións de data 16 de novembro de 2016, a concelleira delegada de Educación acordou iniciar expediente para a aceptación das doazóns propostas, así como autorizar o depósito temporal (mentras non se resolva definitivamente o expediente da doazón) doa coleccións de instrumentos nas dependencias da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Con data 03/07/17, ESMUVIGO SCG responde ao encargo realizado pola concellería de Educación, de catalogación e valoración do conxunto de instrumentos que conforman a oferta de doazón, entregando, en formato dixital e papel o "Documento de catalogación e valoración da doazón instrumental contida nos expedientes 18360/332 e 18361/332".

Visto o indicado na citada documentación, esta xefatura do servizo de Educación informa favorablemente sobre a aceptación da oferta de doazón da colección de instrumentos musicais que Dna. Purificación del Palacio Solá e D. Manoel Soto Ferreiro.

Terceiro.- Segun resulta do documento de data 1/7/2017 emitido pola empresa ESMUVIGO SCG de catalogación e valoración do instrumento musical ofertado, as características deste son as seguintes:

Clasificación: Cordófono.

Instrumento: Piano

Grupo A - Instrumentos Orquestrais

Categoría: Corda percutida.

Marca: Rönisch.

N.º Serie: 25181.

Estado de conservación: Bo estado.

Valoración: 1000-1200 euros.

Cuarto.- Pola Técnica de Admón. Especial de Patrimonio emítese informe o 11/08/2017 sobre os impostos e tributos que poideran gravar dita operación, sinalando que *ó tratarse de unha donación a unha administración Pública, que non conleva ningunha transacción económica, dita donación non está suxeita a ningún tipo de imposto.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazón recóllese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitúe un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose únicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que se formula o ofrecemento pola donante, non nos atopamos ante un suposto de doazón modal, polo que conseguintemente non existe restricción algunha a súa aceptación, poidéndose acordar polo órgano competente se así o estima de interese público.

TERCEIRO.- O artigo 4.1.p do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos, dispoñendo no seu apartado 2 que ditos contratos regularáanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeriéndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a

aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Consecuente co exposto, non existe inconveniente na aceptación a título gratuito, libre de cargas e gravames e ó corrente no pago de impostos e demais tributos, do instrumento musical ofertado, resultando competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a doazón, por Da. Dª Purificación del Palacio Solá, do piano da súa propiedade marca Rönisch (N.º Serie: 25181).

2º.- Proceder, tralos trámites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.

3º.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, dito instrumento musical no Inventario Municipal de bens e dereitos, de acordo coa seguinte catalogación e valoración efectuada pola empresa ESMUVIGO SCG no documento de data 1/7/2017:

Clasificación: Cordófono.

Instrumento: Piano

Grupo A - Instrumentos Orquestrais

Categoría: Corda percutida.

Marca: Rönisch.

N.º Serie: 25181.

Estado de conservación: Bo estado.

Valoración: 1000-1200 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(967).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA O MANTENIMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6562/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o secretario de Admón. Municipal, o concelleiro delegado de Limpeza e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 16 de setembro do 2016 a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar á mercantil FORMATO VERDE, S.L. o contrato maior de servizos para o mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo, por un prezo total con iva de 70.061,63 euros.

O prazo do contrato é de un ano prorrogable ata 12 mensualidades máis, conforme ao apartado 4.C das follas de características do contrato (FEC) que integran o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

En data 23 de setembro do 2016 asinouse o contrato, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro de 2016 conforme ao indicado na cláusula 4ª do contrato.

Dado que o prazo do contrato é de un ano e que a prestación iniciouse o día 1 de outubro do 2016, **o contrato rematará do día 30 de setembro do ano 2017**. Non entanto, conforme ao PCAP, unha vez concluído o contrato permítese unha prórroga de ata doce meses sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e sempre que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses contada dende o vencemento do contrato, como é neste caso.

Os administradores mancomunados da empresa D. Marcos Rodríguez Jorge. con D.N.I : 44450923L e D. Santiago Vallejo Álvarez, con D.N.I 34993146A, en data 28 de abril do 2017 remitiron ao Concello de Vigo o escrito de aceptación da prórroga establecida no apartado 4.C das FEC do Prego de Clausulas Administrativas Particulares. O escrito tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 4 de maio do 2017 co Nº 170063633, e consta no expediente.

Aos efectos de xustificación da prórroga do contrato de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada da cidade de Vigo, cabe indicar que o Servizo estase prestando por parte da empresa FORMATO VERDE, S.L. conforme ás especificacións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares que rexeron o concurso e ás disposicións legais vixentes en cada momento, polo que o servizo se presta a completa satisfacción deste Concello.

O Concelleiro-Delegado de Limpeza resolveu en data 9 de novembro do 2015 que por parte do Servizo municipal competente, coa participación do resto dos servizos municipais que foran necesarios, se procedera a estudar e a elaborar os informes previos ao inicio dun novo contrato que incluíra entre outras a prestación do servizo de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada que está proximo a rematar. Rematado este proceso coas conclusións que os estudos preliminares arroxasen, o Xefe do servizo de limpeza procedería a elevar proposta de inicio do regulamentario expediente ou expedientes de contratación segundo o caso.

Este proceso de estudo e análise iniciouse no ano 2015 pero debido á complexidade técnica que entraña, e ás novas disposicións regulamentarias que están en vigor e das novidades tecnolóxicas aplicables, concluíuse recentemente polo Servizo Xestor unha proposta de Proxecto de Explotación de servizo axeitada ás actuais necesidades da cidade de Vigo, que se plasmou no expediente 6619-252 para a contratación do servizo de recollida, transporte e xestión de residuos domésticos no termo municipal de Vigo por lotes, que inclúe tamén o servizo de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada da cidade.

En tal sentido e dado que a data de remate do actual contrato de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello é o vindeiro día 30 de setembro do ano 2017, e dado que a cláusula 4ª apartado "C" das FEC permite unha prórroga de ata 12 meses de duración, estímase necesario facer uso dela nas condicións que se describen de seguido:

- O prazo de duración da prórroga será tal que esta remate o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departa-

mento de Limpeza, e **en todo caso como máximo ata o día 30 de setembro do ano 2018 (12 meses de prórroga como máximo)**.

- No tocante ao prezo do mantemento e reparación das instalacións soterradas, que conforme ao contrato é de setenta mil sesenta e un euros con sesenta e tres centimos, ive incluído igual ao prezo inicial do contrato no ano 2016, continúa sendo o máis ventaxoso para este Concello igual que o era no momento da adxudicación.

No que respecta á contía económica que corresponde consignar para a prórroga, procede indicar que o importe a consignar para a prórroga é:

Ano 2017 3 meses => 70.061,63* (3/12) = 17.515,41

Ano 2018 9 meses => 70.061,63 *(9/12) = 52.546,22

que deberá imputarse á partida 1622..2270013 “Reparación e mantemento de colectores soterrados” do orzamento municipal

A vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

ACORDO

–Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de outubro do ano 2017 ao 30 de setembro do ano 2018, do Contrato de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo, adxudicado á mercantil FORMATO VERDE, S.L. e que remata o día 30 de setembro do 2017.

–A prórroga rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza (Exp.:6619-252), e en todo caso o día 30 de setembro do ano 2018.

–O importe anual da prórroga será como máximo de 70.061,63 €, repartidos nas seguintes anualidades:

Ano 2017	3 meses (de 1 outubro a 31 decembro)	17.515,41 euros
Ano 2018	9 meses (de 1 de xaneiro ao 30 de setembro)	52.546,22 euros

imputable á partida 1622..2270013 “Reparación e mantemento de colectores soterrados” do orzamento municipal

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(968).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2017. EXPTE. 2298/334.

Dáse conta do informe do 18/09/17, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

INFORME:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de xuño, xullo e agosto de 2017.

Expediente	2268-334. Deseño e desenvolvemento do sitio web para snl.vigo.org
Decreto concelleira	data 5 de xuño de 2017
Informe Intervención	RC 54958
Adxudicatario	Desoños, estudio de deseño
Importe	5.904,80 euros

Expediente	2280-334. Material bibliográfico, filmes en lingua galega, material educativo, lúdico... para a Concellaría de Normalización Lingüística
Decreto concelleira	data 7 de xullo de 2017
Informe Intervención	RC 66634
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	300,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(969).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS DESINFECTORES/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 30450/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/09/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 27 de xullo de 2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais desinfectores/as como apoio aos

oficiais desinfectores da plantilla, que permita a correcta realización daqueles tratamentos que anualmente ven desenvolvendo o servizo e dar continuidade á labor desenvolvida ata agora e que ten conseguido establecer unhas mínimas condicións hixiénico-sanitarias e cara á prevención das pragas manténdolas por debaixo dun umbral de tolerancia que permita garantir a salubridade pública evitando consecuencias directas sobre a saúde da poboación.

O Concelleiro da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10 de agosto de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais desinfectores/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, nos termos da petición realizada polo seu xefe de Servizo de data 27 de xullo anterior.

En cumprimento do ordenado, con data 04/09/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 240-Oficial Desinfectora, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá, tarde ou, noite, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 27 de xullo de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 10 de agosto actual, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de protección da salubridade pública, como servizo público esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, polo que se informa

favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas Oficiais desinfectores/as para o Servizo de Medio Ambiente, supón un gasto de **23.039,04 €** (da referida cantidade, 13.439,44 € corresponden ao presente exercicio orzamentario (3,5 meses) e, 9.599,60 € (2,5 meses) ao vindeiro exercicio 2018), ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.487,85 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

IV. - Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da oferta de emprego público 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de unha praza de Oficial de Desinfector/a, figurando na acta do tribunal de data 20 de maio de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 8 de agosto de 2011, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 5 de agosto anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12

de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

A dita lista está integrada por unha única aspirante que reúne os requisitos para ser nomeada, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido R.D. Lexislativo 5/2015 (TREBEP), **núm. 1.-Dª MARÍA SALOMÉ ARAÚJO RODRÍGUEZ, con DNI **.***.647-P**, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino como Oficial Desinfectora por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Non existindo ningún candidato máis na lista anterior e aos efectos de poder formular a proposta de nomeamento, procede recorrer á Bolsa de Emprego de Oficiais Desinfectores/as.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego, que permitan os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Oficiais de Instalacións municipais, oficiais Coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, **oficiais Desinfectores**, Oficiais Electricistas, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, Oficiais Xardineiros e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xullo de 2017, acordou a formación dunha bolsa de emprego de oficiais desinfectores/as, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 23/03/2017, expte. 30297/220, figurando no referido acordo a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de

que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficial desinfector/a por acumulación de tarefas, da aspirante da lista a que se refire o anterior parágrafo, **núm. 2.-D^a TAMARA PÉREZ TIZÓN, DNI **.***.959-Y**, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino como oficial desinfectora por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Significar que o aspirante núm. 1 da lista, D. Víctor Couso Sánchez, presentou renuncia voluntaria por mellora de emprego, toda vez que se atopa neste intre contratado laboralmente por conta allea na empresa privada, circunstancia que acreditou nesta Área de Recursos Humanos.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as dúas aspirantes propostas como oficiais desinfectoras, están en condicións de ser nomeadas ao non acreditarse que as mesmas teñan prestado servizos neste Concello no Subgrupo C2, polo que están en condicións de ser nomeadas.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dúas funcionarias interinas por acumulación de tarefas, como **oficiais desinfectoras**, ao abeiro do exposto no artigo 10,1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, contidas no escrito do 27 de xullo de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.039,04 €** (da referida cantidade, 13.439,44 € corresponden ao presente exercicio orzamentario (3,5 meses) e, 9.599,60 € (2,5 meses) ao vindeiro exercicio 2018), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a MARÍA SALOMÉ ARAÚJO RODRÍGUEZ, con DNI **.***.647-P** e, **D^a TAMARA PÉREZ TIZÓN, DNI **.***.959-Y**, na súa condición de seguintes aspirantes

nas listas de reserva derivadas da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 e da Bolsa de Emprego de oficiais de oficios-desinfectores/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/07/2017, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 23/03/2017, expte. 27845/220, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 240-Oficial Desinfector), sendo adscritos/as ao Laboratorio Municipal (Servizo de Desinfección), (cód. 313), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase preferentemente de luns a domingo, en horario de mañá, tarde ou, noite, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, ao Capataz do Servizo de Desinfección, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(970).- NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA MESTRE DE PINTURA BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.C) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP, PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (CURSO 2017-2018, EMAO), PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS – EMAO. EXPTE. 30576/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 11/09/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 29 de maio de 2017, a Xefa do Servizo de Educación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por execución de programa, art. 10.1.c) do TREBEP, para a docencia transitoria da especialidade de pintura na Escola Municipal de Artes e Oficios, curso 2017-2018, toda vez que con data 23 de setembro de 2016 dona María Paula C. Mariño Pazó presentou no Rexistro Xeral deste Concello á renuncia á súa contratación laboral de duración determinada por interinidade como mestra de formación-pintura da Escola Municipal de Artes e Oficios (doc.160126506).

Mediante resolución do Concelleiro de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica aceptouse a referida renuncia con efectos do día 25 de setembro de 2016, de conformidade co previsto no artigo 10 en relación co 64.1do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Esta renuncia supuxo que iniciado o curso 2016-2017 o día 3 de outubro, os alumnos matriculados na especialidade de pintura careceran de mestre, e por esta razón procedeuse a un nomeamento interino por execución de programa temporal como Mestre de Formación-especialidade Pintura, subgrupo C1 de titulación, de D. Jacobo Fernández Serrano, por canto figuraba no primeiro lugar na lista de substitucións resultante do proceso selectivo para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico, nomeamento que rematou con data 30/06/2017.

No exercicio 2015 realizouse na EMAO un proceso selectivo para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico (expediente 1976-13), en base ao resultado de dito proceso, mediante resolución da presidenta do Organismo Autónomo EMAO de data 09-09-2015, constituíuse de conformidade co disposto no apartado 13ª das Bases reguladoras, unha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación obtida) aos efectos do seu nomeamento, de ser o caso, en supostos de ausencia ou renuncia do titular.

A lista de substitucións atendendo ao acordo do Tribunal do proceso selectivo para o ingreso como funcionario interino na modalidade de Debuxo Artístico, na súa reunión de 10 de agosto de 2015, unha vez rematadas as distintas fases do proceso, está formada por:

APELIDOS E NOME	FASE CON-CURSO	1ºExer-cicio	2º Exer-cicio	Proba Prácti-ca	PROBAGA-LEGO	TO-TAL
FERNÁNDEZ SE-RRANO, JACOBO	2,60	3	6,00	7,00	1,32	19,92
SERRANO MATO, JOR-GE ANDRÉS	2,60	4,5	6,14	5,00	1,60	19,84

Desta resolución da presidencia de 09-09-2015 deuse conta a Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios en sesión de 14 de outubro de 2015.

Se ben o proceso selectivo a que non estamos a referir foi para a docencia de Debuxo Artístico, propónse polo Servizo de Educación acudir a lista de substitucións resultante deste proceso para a contratación dun mestre que imparta a docencia de Pintura tendo en conta que son especialidades afíns que se complementan.

Dentro do Plan de Estudos da EMAO establécense tres áreas: a Artística, a de Oficios artesanais e a de Oficios artísticos. A Área artística esta conformada polas especialidades de Pintura e Debuxo artístico, e ambas teñen a mesta estrutura en tres niveis: Básico, Medio e Superior. Resulta indiscutible a conexión entre ambas materias, polo que as persoas que conforman a lista de substitucións do proceso selectivo de Debuxo Artístico poden impartir a docencia de Pintura. Se ben nas bases da convocatoria a titulación esixida é o título de bacharelato ou equivalente, na documentación aportada na fase de concurso resulta que as dúas persoas incluídas na referida lista de substitucións posúen o título de licenciados en Belas Artes, deixando sobradamente acreditada a súa formación para impartir esta especialidade artística.

En resposta a petición do Servizo, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 6 de setembro de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino dun/dunha mestre de pintura por execución do programa temporal (duración do curso lectivo 2017/2017), previsto no artigo 10.1.c), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de sete meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude da responsable do Servizo de data 29 de maio de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 08/09/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mas (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 654-Mestre Formación EMAO), adscrito ao Servizo de Educación-EMAO, cód. 613, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá e tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición da Xefa do Servizo de Educación, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 06/09/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de

xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, neste caso significar que a Escola Municipal de Artes e Oficios ven prestando servizos dende fai case 130 anos, tratándose dun servizo central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Servizo, neste caso da Escola Municipal de Artes e Oficios, polo que se informa favorablemente ao devandito nomeamento interino.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de nove meses e 19 días, dun mestre de formación especialidade pintura para o Servizo de Educación-EMAO, supón un gasto de **20.678,21€**, dos que, **6.656,54€** corresponden ao presente exercicio orzamentario 2017 (3 meses e 3 días) e, **14.021,67€** (6 meses e 17 días) ao vindeiro exercicio 2018, ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.830,27€** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 654-Mestre Formación EMAO), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal temporal non permanente", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, non existe bolsa de emprego específica coa categoría de mestre de pintura, polo que, debido a urxencia que

require a prestación deste servizo, procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego realizada na propia EMAO no ano 2015 para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico (expediente 1976-13), en base ao resultado de dito proceso, mediante resolución da presidenta do Organismo Autónomo EMAO de data 09-09-2015, constituíuse de conformidade co disposto no apartado 13ª das Bases reguladoras, unha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación obtida) aos efectos do seu nomeamento, de ser o caso, en supostos de ausencia ou renuncia do titular.

A lista de substitucións atendendo ao acordo do Tribunal do proceso selectivo para o ingreso como funcionario interino na modalidade de Debuxo Artístico, na súa reunión de 10 de agosto de 2015, unha vez rematadas as distintas fases do proceso, está formada por:

APELIDOS E NOME	FASE CONCURSO	1ºExercicio	2º Exercicio	Proba Práctica	PROBAGALEGO	TOTAL
FERNÁNDEZ SERRANO, JACOBO	2,60	3	6,00	7,00	1,32	19,92
SERRANO MATO, JORGE ANDRÉS	2,60	4,5	6,14	5,00	1,60	19,84

Desta resolución da presidencia de 09-09-2015 deuse conta a Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios en sesión de 14 de outubro de 2015.

Se ben o proceso selectivo a que non estamos a referir foi para a docencia de Debuxo Artístico, propónse polo Servizo de Educación acudir a lista de substitucións resultante deste proceso para a contratación dun mestre que imparta a docencia de Pintura tendo en conta que son especialidades afíns que se complementan.

Dentro do Plan de Estudos da EMAO establécense tres áreas: a Artística, a de Oficios artesanais e a de Oficios artísticos. A Área artística esta conformada polas especialidades de Pintura e Debuxo artístico, e ambas teñen a mesma estrutura en tres niveis: Básico, Medio e Superior. Resulta indiscutible a conexión entre ambas materias, polo que as persoas que conforman a lista de substitucións do proceso selectivo de Debuxo Artístico poden impartir a docencia de Pintura. Se ben nas bases da convocatoria a titulación esixida é o título de bacharelato ou equivalente, na documentación aportada na fase de concurso resulta que as dúas persoas incluídas na referida lista de substitucións posúen o título de licenciados en Belas Artes, deixando sobradamente acreditada a súa formación para impartir esta especialidade artística.

A interinidade e así un sistema excepcional de provisión de postos de traballo que lévase a cabo de forma non permanente e para supostos e coas limitacións expresamente previstas, sendo a interinidade unha situación provisional pola súa propia natureza.

Noutro orde de cosas a crise económica, afectou de modo considerable ó establecer **prohibicións e limitacións de incorporación de novo persoal á función pública**. As leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos ao dez por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Para o ano 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento. E agora, a lei de Presupostos xerais do Estado para o 2017 xa establece unha taxa de reposición de efectivos do 100% para os colectivos prioritarios, así como procesos extraordinarios para a redución do emprego temporal. A partir de aquí a xurisprudencia considerou que a obriga establecida no art. 10.4 do TREBEP de incluír na OPE as prazas vacantes ocupadas por interinos se vería temporalmente desprazada polas limitacións que anualmente podan establecer as correspondentes leis de presupostos xerais do Estado e a taxa de reposición do emprego público para o período de vixencia que podan establecer.

No caso que nos ocupa, todos os solicitantes prestaron servizos no Concello de Vigo en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas, nomeamentos feitos en todo caso respetando escrupulosamente - como non podería ser de outra maneira dado que o principio de legalidade obriga a Administración a cumprir as normas-, os límites legais, anteriormente expostos e comentados, e toda vez que o TRLEBEP posibilita que podan destinarse recursos a aquelas unidades deficitarias de persoal, convertendo ó funcionario interino, especialmente nos últimos anos nunha figura que a Administración pode utilizar con certo marxe de liberdade para satisfacer a súa necesidade de persoal.

3.- O réxime xurídico aplicable ó funcionario interino foi progresivamente adaptándose ó Acordo marco sobre o traballo de duración determinada (Directiva 1999/70/CE), e a xurisprudencia europea que está interpretándoo, e que na cláusula 4 fixa o “principio de non discriminación” que aplicado as condicións de traballo, supón que non poderá tratarse aos traballadores cun contrato de duración determinada dunha maneira menos favorable que os traballadores fixos comparables polo mero feito de ter un contrato de duración determinada, a menos que se xustifique un trato diferente por razóns obxectivas”. As consecuencias de esta evolución ou progresión son de indubidable transcendencia toda vez que estanse a ampliar os dereitos dos traballadores temporais, especialmente os dereitos retributivos, cunha tendencia europea a equiparar os funcionarios interinos aos funcionarios de carreira en canto a dereitos, deberes e situacións administrativas.

O Dereito Comunitario estableceu a obriga de que os Estados membros adopten medidas preventivas e de protección dos empregados temporais, pero non fixa expresamente sancións específicas para os casos de fraude de lei ou situacións abusivas, correspondendo ó Estado español adoptar estas medidas. **No ámbito laboral creouse pola**

xurisprudencia a figura dos traballadores indefinidos non fixos, para sancionar a utilización fraudulenta e abusiva da contratación temporal, sen embargo esta figura, a día de hoxe solo existe no ámbito laboral, pero non no funcional, e o que sí é claro é que a sanción non podería implicar a adquisición de funcionario de carreira porque elo vulneraría os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto, non procede acceder ó solicitado:

1.- Todos os nomeamentos como funcionarios interinos dos solicitantes; están dentro dos límites legais.

2.- Non existe no ámbito funcional a figura de funcionario interino indefinido que pretenden os solicitantes.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar as solicitudes de nomeamento como funcionarios interinos con carácter indefinido ata que non sexa posible a cobertura dos seus postos por persoal funcionario de carreira ou se decida súa amortización por D. TOMAS ALONSO VIDAL, con DNI nº ****038-S; D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, con DNI nº ****570 R; D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS, con DNI nº ****547 D; D. JAVIER VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, con DNI nº ****412 T; D. CARLOS GARCÍA VELOSO, con DNI nº ****888 K; DÑA. MARÍA TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, con DNI nº ****920 N; D. MIGUEL SAÚL SANMARTÍN BARREIRO, con DNI nº ****684 T; D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº ****425 T; D. JOSÉ MANUEL LAGO GUERRA, con DNI nº ****048 B; DÑA. MARÍA JESÚS FOUZ ARES, con DNI nº ****869 Q; DÑA LEONOR MARÍA BARRIO MARTÍNEZ, con DNI nº ****088 W; D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, con DNI nº ****838 Y; D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUÁREZ, con DNI nº ****235 N; DÑA. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, con DNI ****485 D; D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO, con DNI nº ****167 G; DÑA. TAMARA PÉREZ TIZÓN, con DNI nº ****959 Y; D. ROBERTO RIVEIRO MONTES, con DNI nº ****198 V; D. ARTURO MERA AIRA, con DNI nº ****670 Q; D. PABLO DÍAZ ÁLVAREZ, con DNI nº ****763 C; D. JESÚS COSTAS VELOSO, con DNI nº ****100 W; DÑA. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, con DNI nº ****578 B; D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, con DNI nº ****360 W; D. ALFREDO CASTRO DUARTE, con DNI nº ****019 F; DÑA. MARÍA JESÚS DAVILA MOLDES, con DNI nº ****427 J; D. GUILLERMO JAVIER CAMESELLE ABALDE, con DNI nº **** 845 M, y D. ALBERTO COSTAS VILLAR, con DNI nº **** 172 S.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de

1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(973).- CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS POR AT E EP DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO E XMU A PARTIR DO 31/01/2018. EXPTE. 29766/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/09/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Contratos del Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 16 de abril de 2012 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de FREMAP MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABAJO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DA SEGURIDADE SOCIAL Nº 61 para a cobertura das continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais para todos os empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión de data 23 de marzo de 2012 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 21903/220).

No punto 3 do prego de cláusulas administrativas determinábase expresamente o prazo de vixencia do contrato de catro anos, prorrogables por dous anos máis.

Segundo.- O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 16 de abril de 2012, e o prazo do contrato finalizou, dacordo co punto 3 das cláusulas do citado contrato o día 31 de xaneiro de 2016, data na cal se acordou prorrogar por dous anos máis, previo informe favorable da área de RRHH e Formación (negociado SSSS), Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo (SPPRL-CV) e co preceptivo informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal, en cumprimento do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- A prórroga do contrato para a prestación da cobertura das contingencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais para todos os empregados e empregadas públicos municipais do Concello de Vigo, formalizado en data 16 de abril de 2012 con FREMAP MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS DA SEGURIDADE SOCIAL Nº 61, finalizará o vindeiro 31 de xaneiro de 2018.

Cuarto.- O expediente é informado favorablemente polo Letrado da Asesoría Xurídica o 01 de setembro de 2017 e conformado pola Titular da Asesoría Xurídica.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art. 109.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Contratos del Sector Público (TRLCSP) iniciárase polo Órgano de Contratación, no Concello de Vigo a Xunta de Goberno Local.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o citado artigo 109.1 do TRLCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas exisidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato, redactado pola técnica de administración xeral da Área de RRHH e Formación asistida polo Xefe da Área de Contratación do Concello.

Terceiro.- Asemesmo consta tamén o informe xustificativo da necesidade da contratación, con fundamento na regulación específica na materia, e motivación nas vantaxes que suporá para os empregados/as públicos/as municipais e resto de persoal incluído no obxecto das prestacións do mesmo. Figura asinado o 29 de maio do 2017.

Se incorporou a este expediente unha dilixencia dirixida á Xerencia Municipal de Urbanismo, do 31 de maio do 2017, no que se informa da tramitación deste contrato, de acordarse por ese organismo autónomo a integración neste contrato.

Pola súa parte, o Prego de Prescricións Técnicas, do 6 de xuño do 2017 define as prestacións a incluír no contrato, e que en todo caso derivan das obrigas que o Concello de Vigo asume como responsabilidade empresarial con respecto aos seus empregados/as e resto de persoal incluído.

A Memoria Xustificativa recolle os criterios de adxudicación, e o resto de particularidades do contrato (prórrogas, necesidade de habilitación específica como Mutua colaboradora, inexistencia de modificacións, etc.). Data do 8 de agosto do 2017.

Redactouse o Prego de cláusulas administrativas particulares para a selección dunha Mutua colaboradora da Seguridade Social pola Xefa de Contratación con data do 8 de agosto do 2017.

E complementa o anterior o informe do Servizo de Contratación do 9 de agosto do 2017, onde se deixa constancia do cumprimento do disposto no TRLCSP, e da dificultade de encaixar nunha tipoloxía contractual este negocio xurídico, de xeito que se propón a súa

tramitación como un convenio de asociación, pero con pleno respecto ao disposto no TRLCSP no que sexa de aplicación posible.

Cuarto: En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segundo o Texto Refundido de la Lei de Contratos do Sector Público, emitíuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 01 de setembro de 2017, informe favorable sobre expediente de contratación.

Quinto.- No artigo 109-3º da TRLCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que no presente contrato estímase que non é necesario por non xenerar gasto ao Concello o administrar a adxudicataria as cuotas correspondentes a Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e por continxencias comúns, non obstante decidirá a Intervención Xeral no informe previo que emita á aprobación do expediente de contratación polo Órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 110 do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte,

ACORDO

1º.- Aprobado o expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para a selección dunha Mutua colaboradora da Seguridade Social para a cobertura da continxencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e por continxencias comúns do persoal do Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo, que contén o prego de cláusulas administrativas e as prescricións técnicas esixidas polo Real Decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

2º.- Abrir o procedemento de selección da Mutua colaboradora na forma prevista no Prego de Cláusulas Administrativas, mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(974).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 1979/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/09/17, asinado polo xefe de Museos municipais e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e Museos Quiñones de León (337) no mes de AGOSTO, e que son os que deseguido se relacionan:

AGOSTO 2017

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1940/341. Contrato privado para a actuación de NICOLÁS PASTORIZA na inauguración da exposición "Forever Young" - Noite Branca 2017, na Casa das Artes. SINSAL AUDIO, S.L. RCM 76082.	03/08/17	2.420,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6110-337. Contrato menor de servizos para a contratación dun programa de actividade lúdico participativo da exposición "Divino profano" con motivo da Noite Branca 2017. LARA GIMÉNEZ DE CEA. RCM 76277	04/08/17	816,75 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6100/337. Contrato menor de servizos para a elaboración de Informe de conservación do mobiliario do salón dourado do Pazo-Museo "Quiñones de León. Mª ROSA SEOANE GÁMEZ. RCM 77097.	09/08/17	1.573,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

16(975).- PRÉSTAMO TEMPORAL DE PEZAS ARQUEOLÓXICAS DEPOSITADAS NO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO "QUIÑONES DE LEÓN" Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA EXPOSICIÓN. EXPTE. 6027/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/09/17, asinado polo director do Museo municipal "Quiñones de León", o xefe do Servizo de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data de xaneiro de 2017 recíbese no Museo municipal "Quiñones de León" escrito dos comisarios da mostra "**Tempore Sueborum. O tempo dos suevos na Gallaecia**", profesores da Universidade Autónoma de Madrid, Dr. Jorge López Quiroga e Dr. Artemio Martínez Tejera, no que se informa da organización desta exposición entre novembro de 2017 e febreiro de 2018, organizada pola Deputación provincial de Ourense.

Para a mostra, os comisarios científicos veñen de solicitar formalmente ao museo “Quiñones de León” numerosas pezas arqueolóxicas amosadas recentemente na exposición organizada pola Concellería de cultura do Concello de Vigo, “EMPORIUM. Mil anos de comercio en Vigo”, rematada o pasado mes de maio no museo VERBUM. Os comisarios reunirán cerca de 200 pezas arqueolóxicas que servirán para ofrecer unha visión actual da Gallaecia dos séculos V e VI, período durante o que se creó e desenvolveu o reino suevo, o primeiro reino medieval de Occidente.

O conxunto de pezas solicitado en préstamo temporal pola Deputación provincial de Ourense son as que seguen:

Lucerna tardía de pico redondeado

nº inv. 9305

Medidas: 2,5 cm x 10 cm

Valor seguro: 500 euros

Plato de Terra Sigillata tardía

nº inv. 9302

Medidas: 5 cm x 31 cm

Valor seguro: 1.000 euros

Conta de pulsera articulada

nº inv. 9331

Medidas: 1,5 cm. x 0,5 cm

Valor seguro: 200 euros

Colgante en vidro negro

nº inv. 9330

Medidas: 2 cm x 1,5 cm

Valor seguro: 200 euros

Contas de collar gallonadas

nº inv. 9344

Medidas: 1,5 cm. X 1,5 cm

Valor seguro: 300 euros

nº inv. 9345

Medidas: 2 cm x 2cm

Valor seguro: 300 euros

Contas de collas de vidro da área mediterránea

nº inv. 9338

Medidas: 2cm x 4 cm

Valor seguro: 900 euros

nº inv. 9339

Medidas: 2cm x 4cm

Valor seguro: 900 euros

nº inv. 9341

Medidas: 1cm x 2cm

Valor seguro: 500 euros

nº inv. 9342

Medidas: 2,5 cm x 0,5 cm

Valor seguro: 500 euros

nº inv. 9343

Medidas: 1cm. x 0,5 cm

Valor seguro: 200 euros

Pé de cáliz en TSA

nº inv. 9360

Medidas: 8cm x 3,5 cm

Valor seguro: 500 euros

Cuenca en TSA D2

nº inv. 9371

Medidas: 12 cm x 6 cm

Valor seguro: 150 euros

Lucerna en TSA da forma Atlante

nº inv. 9267

Medidas: 3,2 cm x 7,8 cm x 4,3 cm

Valor seguro: 500 euros

Plato en TSA Hayer 109A

nº inv. 9474

Medidas: 5 cm

Valor seguro: 500 euros

Contas de collar de ámbar báltico

nº inv. 9379

Medidas: 15 cm x 22cm

Valor seguro: 2.000 euros

Contas espirais en vidro negro

nº inv. 9333

Medidas: 2 x 7 cm

Valor seguro: 200 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para a exposición que se celebrará en tres sedes na cidade de Ourense: o Centro Cultural "Marcos Valcárcel" da Deputación de Ourense, o Museo municipal do Concello de Ourense e a Igrexa de Santa María Nai, do Bispado de Ourense.

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade das salas onde terá lugar a exposición para a que se solicita o material arqueolóxico, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓN LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arqueoloxía do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á Xunta de Goberno Local:

1.- “Autorizar o préstamo temporal do conxunto das seguintes pezas arqueolóxicas:

- **Lucerna tardía de pico redondeado**

- nº inv. 9305
- Medidas: 2,5 cm x 10 cm
- Valor seguro: 500 euros

- **Plato de Terra Sigillata tardía**

- nº inv. 9302
- Medidas: 5 cm x 31 cm
- Valor seguro: 1.000 euros

- **Conta de pulsera articulada**

- nº inv. 9331
- Medidas: 1,5 cm. x 0,5 cm
- Valor seguro: 200 euros

- **Colgante en vidro negro**

- nº inv. 9330
- Medidas: 2 cm x 1,5 cm
- Valor seguro: 200 euros

- **Contas de collar gallonadas**

- nº inv. 9344
- Medidas: 1,5 cm. X 1,5 cm
- Valor seguro: 300 euros

- nº inv. 9345

- Medidas: 2 cm x 2cm

- Valor seguro: 300 euros
- **Contas de collas de vidro da área mediterránea**
- nº inv. 9338
- Medidas: 2cm x 4 cm
- Valor seguro: 900 euros
- nº inv. 9339
- Medidas: 2cm x 4cm
- Valor seguro: 900 euros
- nº inv. 9341
- Medidas: 1cm x 2cm
- Valor seguro: 500 euros
- nº inv. 9342
- Medidas: 2,5 cm x 0,5 cm
- Valor seguro: 500 euros
- nº inv. 9343
- Medidas: 1cm. x 0,5 cm
- Valor seguro: 200 euros
- **Pé de cáliz en TSA**
- nº inv. 9360
- Medidas: 8cm x 3,5 cm
- Valor seguro: 500 euros
- **Cuenco en TSA D2**
- nº inv. 9371
- Medidas: 12 cm x 6 cm
- Valor seguro: 150 euros
- **Lucerna en TSA da forma Atlante**
- nº inv. 9267
- Medidas: 3,2 cm x 7,8 cm x 4,3 cm
- Valor seguro: 500 euros
- **Plato en TSA Hayer 109A**
- nº inv. 9474
- Medidas: 5 cm
- Valor seguro: 500 euros
- **Contas de collar de ámbar báltico**
- nº inv. 9379
- Medidas: 15 cm x 22cm
- Valor seguro: 2.000 euros

- **Contas espirais en vidro negro**
- nº inv. 9333
- Medidas: 2 x 7 cm
- Valor seguro: 200 euros

á Deputación provincial de Ourense, organizadora da exposición: **“Tempore Sueborum. O tempo dos suevos na Gallaecia”**, que terá lugar entre novembro de 2017 e febreiro de 2018 en tres sedes da cidade de Ourense: o Centro Cultural “Marcos Valcárcel” da Deputación de Ourense, o Museo municipal do Concello de Ourense e a Igrexa de Santa María Nai, do Bispado de Ourense, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente.

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte da Deputación provincial de Ourense, como promotora da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída do material arqueolóxico por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(976).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS-MATAMÁ”. EXPTE. 4452/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

PROXECTO “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ”.

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprometése a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data

7 de setembro de 2017 co número de expediente 4.452/440 por importe de 86.911,73 € (IVE excluído).

En data 11 de setembro de 2017, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 4.452/440

Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.

NIF: A28223741

Presuposto de execución material: 73.035,07 €

Presuposto de contrata: 86.911,73 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 1 mes.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Resíduos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia técnica: ESINPRO.

Dirección de obra D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado.

Coordinación de Seguridade e Saúde: D. Antonio Bea Vidal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(977).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 7145/612.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/08/17 e o informe de fiscalización do 4/09/17, dáse conta do informe-proposta do 7/08/17, asinado polo director de réxime interior de VigoZoo, a concelleira delegada de Medio Ambiente e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 26 de xaneiro de 2016, o Sr. Director de Réxime Interior emite informe-proposta sobre a necesidade de incoar expediente para a contratación do servizo de limpeza das instalacións de VigoZoo.

Coa mesma data a Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable ordea o inicio do expediente de referencia.

A Xunta de Goberno Local (en diante XGL), en sesión 20 de maio de 2016, adoptou acordo respecto á aprobación da tramitación do expediente de referencia e iniciar o proceso licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Unha vez realizados os trámites oportunos, con data 29 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local, da conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 22.07.16, que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 20 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Proposta de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>1</i>	<i>GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL</i>	<i>87,38 puntos</i>
<i>2</i>	<i>LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS, SL</i>	<i>38,36 puntos</i>

Unha vez realizada comunicación e requirimento de documentación a empresa clasificada en primeiro lugar, a XGL en sesión de data 16 de setembro de 2016, adopta o seguinte acordo:

“Adxudicar a GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612) por un prezo de 56.991 euros (IVE engadido) e unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello de 90 horas, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

De acordo co anterior, se formaliza o contrato con data 23 de setembro de 2016 coa mercantil “GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL” CIF B27754274, por un importe de 56.991 € (IVE engadido), e un período de execución de 1 ano contado a partir do día 1 de outubro de 2016, podéndose prorrogar, en caso afirmativo, por un período de 12 meses como máximo.

O contrato para a contratación dos servizos de limpeza das instalacións de VigoZoo remata o 30 de setembro de 2017, polo que é necesario, se procede, iniciar o procedemento de prórroga do mesmo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 23 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación.

A estes efectos, infórmase sobre este aspecto:

- a) Segundo a cláusula 4ª do contrato de referencia, o prazo do contrato é de 1 ano, contado a partir do 1 de outubro de 2016.
- b) Tal e como se recolle na cláusula 7.3 do prego de cláusulas particulares e apartado 4C das FEC, parte integrante do contrato, éste poderá prorrogarse por un período de 12 meses máximo, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.
- c) As características do contrato permanecerán inalterables coa prórroga do mesmo.
- d) Por parte deste Servizo de VigoZoo, non se aprecia ningunha circunstancia que impida a continuación do devandito contrato, xa que se está realizando o servizo obxecto do contrato con plena satisfacción, non existindo incidencias a destacar.
- e) Unido ao expediente se encontra RC nº 201700004593 de data 16/01/2017 por importe de 12.380,55 € para a tramitación da prórroga.

Tendo en conta o anteriormente exposto, conforme o Real Decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a autorización para aprobación da prórroga do contrato tal como se como se recolle na cláusula 7.3 do prego de cláusulas particulares e apartado 4C das FEC, parte integrante do contrato asinado por ambas partes o 23 de setembro de 2016, adoptando o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de 12 meses máximo, para o contrato dos servizos de limpeza das instalacións de VigoZoo a favor da Empresa "GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL" CIF B27754274, contado dende o día 1 de outubro de 2017, segundo se recolle na cláusula 7.3 do prego de cláusulas particulares e apartado 4C das FEC, parte integrante do contrato con efectos a partir do 1 de outubro de 2016, asinado na casa do Concello de Vigo o pasado 23 de setembro de 2016.

O importe de dita prórroga é de 56.991,00 € (IVE engadido), que se imputará á partida orzamentaria 3371.227.00.00 "Contrato empresa limpeza VigoZoo" correspondente ao exercicio 2017-2018. (del 2017 serían 14.247,75 € y 2018 serían 42.743,25 €).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto

expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(978).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.